



ANTECEDENTES

1. A composición inicial da Asemblea Xeral da Federación Galega de Tiro con Arco, segundo o artigo 18.1 do Regulamento electoral para a elección a membros da Asemblea Xeral, Presidente e Comisión Delegada da Federación Galega de Tiro con Arco, Proceso electoral 2018-2022, aprobado pola Secretaría Xeral para o Deporte por resolución de 3 de agosto de 2018, é de 69, correspondendo 45 ao estamento de entidades deportivas, 14 ao estamento de deportista, 6 ao estamento de adestradores e 4 ao estamento de xuíces.

2. O 9 de setembro de 2018 a xunta electoral da Federación Galega de Tiro con Arco remite á Secretaría Xeral para o Deporte a acta da reunión do 7 de setembro da Xunta Electoral. En dita reunión, en aplicación do artigo 19.2 do Regulamento electoral da Federación galega de Tiro con Arco que establece que unha vez aprobado o censo electoral definitivo de cada un dos estamentos e tendo en conta o número de membros do estamento de entidades deportivas, a xunta electoral fixará o número de membros de cada estamento, segundo as porcentaxes e criterios establecidos no regulamento electoral, a que acorda fixar unha nova composición da asemblea xeral.

3. Dado que o censo definitivo de estamento entidades deportivas é de **29** e segundo o artigo 19.3 do regulamento electoral, na Asemblea Xeral da Federación Galega de Tiro con Arco teñen que estar representadas o 100% de entidades deportivas, a xunta electoral acorda fixar o censo electoral do seguinte xeito:

Membros da Asemblea Xeral: **52**.

- Estamento de **entidades deportivas: 29**.
- Estamento de **Deportistas: 14**; 4 da especialidade de aire libre, 5 da especialidade de sala, 3 da especialidade de 3D, 1 da especialidade de Campo e 1 deportista galego de alto nivel (DGAN)





- Estamento de **xuíces-árbitros: 4.**

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. É competencia da Secretaría Xeral para o Deporte autorizar ou modificar a composición da asemblea fixada pola xunta electoral da federación deportiva galega tal como establece o artigo 34. apartado 4 do Decreto 16/2018, do 15 de febreiro, :

“Unha vez aprobados os censos electorais definitivos de cada un dos estamentos da respectiva federación, e tendo en conta o número de membros do estamento de entidades deportivas, a xunta electoral fixará o número concreto de membros de cada estamento, segundo as porcentaxes e criterios establecidos no regulamento electoral. Esta decisión da xunta electoral non é impugnabile e deberá ser notificada, no prazo de dous días, á Secretaría Xeral para o Deporte para a súa autorización ou modificación. A resolución da Secretaría Xeral para o Deporte poñerá fin á vía administrativa e contra ela poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo”.

De conformidade con todo o indicado,

Resolvo:

Autorizar a composición definitiva da Asemblea Xeral da Federación Galega de Tiro con Arco fixada polo acordo da Xunta Electoral do 7 de setembro de 2018 e comunicado á Secretaría Xeral para o Deporte o 9 de setembro. Fixando a composición da Asemblea Xeral da Federación Galega de Tiro con Arco para o proceso electoral 2018-2022 como segue:

Membros da Asemblea Xeral: **52.**

- Estamento de **entidades deportivas: 29.**
- Estamento de **Deportistas: 14;** 4 da especialidade de aire libre, 5 da especialidade de sala, 3 da especialidade de 3D, 1 da especialidade de Campo e 1 deportista galego de alto nivel (DGAN)
- Estamento de **Adestradores: 5;** 2 da especialidade de aire libre, 2 da especialidade de sala, 1 da especialidade de Campo.
- **Estamento de xuíces-árbitros: 4.**





- **Estamento de xuíces-árbitros: 4.**

A xunta electoral da Federación Galega de Tiro con Arco deberá dar a máxima difusión á presente resolución, e ,en todo caso, debera publicala na paxina web da federación na sección de procesos electorais e no taboleiro de anuncios da sede federativa.

A presente resolución notificarase á interesada, facéndolle saber que esgota a vía administrativa e que contra a mesma poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo perante a sola do contencioso administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a partir do día seguinte o da súa notificación, consonte ao disposto no artigo 46 da Lei 29 /1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que estimen pertinente.

Santiago de Compostela,

11 SET. 2018

A secretaria xeral para o Deporte

Marta Míguez Telle

